



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/11/2015).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de novembro do ano que andamos, que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2º.- Informe, se procede, sobre expediente de modificación de créditos nº 19/2015.

Dáse conta do seguinte informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e un de decembro:

“Dáse conta do expediente número 19/2015 sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe total de corenta e un mil cen (#41.100,00#) euros para facer fronte a obrigas a cargo desta Corporación relativas a investimentos en edificacións deportivas cofinanciados por outras administracións, a programas de promoción turística subvencionados, a gastos de mantemento das infraestruturas e da maquinaria de estradas e vías públicas e a investimentos en infraestrutura xeral viaria. O expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data catorce de decembro de dous mil quince, e de decreto ditado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- Baixa parcial de créditos nas aplicacións do estado de gastos do Orzamento municipal para o exercicio de 2015 que deseguido se indican, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo ás mesmas, e polas contías necesarias para financiar as modificacións orzamentarias descritas:

<u>Aplicación que cede crédito</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe da MC negativa</u>
151-22706	Urbanismo. Traballos técnicos e outros	10.000,00
912-22601	Órganos de goberno. Gastos de protocolo	3.500,00
912-23300	Órganos de goberno. Indemnizacións por asistencias	3.000,00
920-22400	Administración xeral. Seguros	4.200,00
920-22708	Administración xeral. Servizo de recadación	1.300,00
920-62600	Administración xeral. Investimento en equipos informáticos	8.994,00
934-83000	Xestión da débeda e tesourería. Anticipos reintegrables	10.106,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		41.100,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.

Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das citadas obrigas a cargo da Corporación e que as transferencias que se propoñen non producirán perturbacións nos respectivos servizos nin nos intereses municipais, a Comisión de Economía propón o seguinte:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial de créditos nas citadas aplicacións que se minoran, das área de gasto 1 e 9, e transferencia dos mesmos ás aplicacións orzamentarias, das áreas de gasto 2, 3 e 4, que se reflicten na memoria da Alcaldía que motivou o expediente e que deberán consignarse nas mesmas co detalle e polo importe que a continuación se expresa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
231-22699	Servizos sociais. Gastos diversos	6.300,00
231-22799	Servizos sociais. Outros servizos	16.800,00
320-21200	Educación. Mantemento de edificios	9.000,00
334-22602	Promoción da cultura. Publicidade e propaganda	5.000,00
453-21300	Estradas e vías públicas. Mantemento de maquinaria e instalacións	4.000,00
	TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS	41.100,00

Coas modificacións propostas, que non alteran a contía total do Orzamento, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.288.172,00			1.288.172,00
2- Gastos en bens correntes e servizos	1.326.062,00	41.100,00	22.000,00	1.345.162,00
3- Gastos financeiros	11.397,00			11.397,00
4- Transferencias correntes	39.200,00			39.200,00
6- Investimentos reais	1.155.831,56		8.994,00	1.146.837,56
7- Transferencias de capital	0			0
8- Activos financeiros	12.000,00		10.106,00	1.894,00
9- Pasivos financeiros	444.482,99			444.482,99
SUMAS TOTAIS	4.277.145,55	41.000,00	41.000,00	4.277.145,55

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente co sometemento á aprobación do Pleno do Concello e, no seu caso, coa inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos supostos, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

A Comisión de Economía e Especial de Contas, coas abstencións do PSdG-PSOE e BNG, informa favorablemente a citada proposta.”

Dáse conta así mesmo do informe de Secretaría -Intervención sobre da necesidade de modificar a proposta de financiamento de 3.000 euros pola aplicación 334-4800 en vez da 912-23300.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2016.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e un de decembro, que di o seguinte:

“Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2016, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de tres millóns oitocentos noventa e catro mil trescentos oitenta (#3.894.380,00#) euros e no Estado de Ingresos á cantidade de tres millóns novecientos noventa e cinco mil (#3.995.000,00#) euros, que compensa o remanente líquido de tesourería negativo de cen mil seiscentos dezanove euros con trinta e catro céntimos (#-100.619,34#) co que se liquidou o exercicio 2014, quedando cumprida, polo tanto, a esixencia que expresamente sinala o núm. 3 do artigo 193 do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; por conseguinte, o citado proxecto cumpre o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



principio de estabilidade presupostaria esixido polo artigo 165 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dáse conta, así mesmo, do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado proxecto. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o R.D. 500/1990 de 20 de abril; e visto o informe favorable emitido pola Intervención, propónse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2016, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de tres millóns oitocentos noventa e catro mil trescentos oitenta (#3.894.380,00#) euros e no Estado de Ingresos á cantidade de tres millóns novecentos noventa e cinco mil (#3.995.000,00#) euros, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.309.800,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.470.200,00
3	Gastos financeiros	9.843,00
4	Transferencias correntes	47.200,00
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	945.800,00
7	Transferencias de capital	0,00
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	99.537,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	3.894.380,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.270.000,00
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	357.000,00
4	Transferencias correntes	1.786.000,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Alienación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	540.000,00
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.995.000,00

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Logo dunha explicación pormenorizada das distintas partidas de gastos e ingresos, a Comisión de Economía e Especial de Contas, coas abstencións do PSdG-PSOE e BNG, informa favorablemente a citada proposta.”

A Presidencia expón que é certo que neste exercicio a obriga de aprobar os orzamentos antes de fin de ano, posto que así o esixe a lei, coa cantidade de traballo dos últimos dous meses do ano, os orzamentos foron elaborados grazas ao traballo intenso dos traballadores municipais, é certo tamén que non houbo moito tempo para que a oposición os estudase, pero tamén é certo que se trata duns orzamentos moi semellantes aos do pasado exercicio, polo que todos teñen un traballo andado.

Di que se trata duns orzamentos responsables, primeiramente calcúlanse os ingresos que existen, e logo analízanse os gastos e servizos que se debe manter si ou si, por iso di que son responsables e en certa maneira de continuidade. Os ingresos -di- son realistas, prudentes, racionais que permiten ir sacando adiante os orzamentos ano tras ano, podendo chamar a atención este exercicio tres partidas; unha delas en relación ao IBI, na que existe un incremento importante, que no ano 2017 vai ser inferior, que recolle tanto o incremento do 10% anual dende o ano 2010 pola modificación do relatorio de valores, coma fundamentalmente neste exercicio a regularización catastral que supón un incremento importante na recadación ordinaria, e tamén os atrasos que teñen que pagar determinados veciños/as en relación a esa regularización, que só van existir no ano 2016.

A segunda partida que pode chamar a atención, e constata por onde vai este goberno, é a da taxa por abastecemento de auga, que figura por primeira vez, posto que a intención do equipo de goberno é que a auga pase a ser xestionada polo propio concello, e polo tanto a recadación farase dende aquí; e por último na participación dos tributos do Estado aparecen 970.000 euros, aínda que posiblemente a finais do exercicio a cifra sexa maior.

Sinala tamén que os orzamentos ascenden a preto de 4.000.000 de euros, destacando que non se van solicitar préstamos, e cos que se pretenden manter os servizos vixentes a



día de hoxe, manter as axudas, convenios e seguir pagando atrasos en determinados, e nestes anos conseguíuse estabilidade e sostibilidade do sistema.

No Capítulo I, de gastos de persoal, mantéñense nunha porcentaxe do 33% do total de gastos, e neste exercicio cabe facer unha matización. Na reunión cos sindicatos na súa reivindicación salarial en relación aos traballadores formularon unha cifra para que todos alcanzasen os seus obxectivos, e sendo responsables esa cifra non se podía alcanzar totalmente nun ano só, cre que se pode alcanzar en dous anos, pero neste orzamento de 2016 máis do 40% do solicitado xa se inclúe nel, mantendo ademais o fondo social.

No Capítulo II, de gastos correntes, moi complexo no noso concello pola tremenda vida e actividade que existe, motivo de orgullo pero que supón unha serie de obrigas que ás veces, cos imperativos que marca a lei, e coas esixencias da mesma, e os ingresos que existen, é complicado, pero non obstante foron capaces de manter as subvencións, convenios, seguir apoiando a cultura, onde se incrementa, o deporte, iniciativas veciñais, editar libros, iniciar neste exercicio 2016 a modificación do PXOM no que fai referencia aos núcleos rurais, incrementar as partidas de educación, e os gastos de dependencia, gasto prioritario que se incrementa nun 20%, prestándose máis de 20.000 horas a través do SAF. No fomento de emprego teñen previsto, que xa se está a prestar, un obradoiro de emprego, e sacar adiante un proxecto de emprendemento da muller no rural, pensando para unhas 40 persoas, sobre todo en situación de risco social, recoñecendo que existen determinadas partidas que hai que mellorar: seguir a revisar a factura enerxética, e ao longo do ano cree que vai existir un aforro no servizo de recollida de lixo.

No Capítulo III, que recolle os xuros, seguimos na tendencia máis positiva, baixouse un 13,64% , e a finais de exercicio vamos a pagar entre 7.000-8.000 euros só, cando en anos anteriores téñense pagados 35.000 euros. Nos préstamos bancarios a finais do exercicio 2016 estaremos en torno aos 250.000 euros, dependendo tamén das pólizas de créditos, pero en calquera caso -di- seguiremos a baixar a débeda global.

Polo que respecta ao Capítulo de Investimentos, sinala que existe un incremento dun 9% con respecto ao pasado exercicio, e supón unha porcentaxe do 25% do total do orzamento (no ano 2015 era do 23%), non estando lonxe do obxectivo de calquera goberno de ter uns investimentos do 30% do orzamento; preto de 1.000.000 de euros, que quizais a finais do exercicio sexa superior, onde se atenden moitos pedimentos dos veciños e veciñas, e nos que por suposto están incluídas as obras do POS 2016 e PAS 2015 debatidos no pleno anterior, como é o caso do aparcadoiro en Ponte Ulla, que con esta primeira actuación vai permitir actuar na reurbanización da rúa, e outros investimentos, como o local para os partidos políticos, o acondicionamento da casa escola de San Mamede, mellora do pavillón municipal (novo chan), seguir coas melloras nos colexios, investimentos en auga e saneamento nalgunhas parroquias, como San Xián, Ponte Ulla, San Fins, e comezar en Vedra, mantemento de pistas municipais, beirarúas en Paradela-San Xián, reforma informática da Casa do Concello, colocación de paneis solares nalgunha casa cultural, ...etc, e tamén seguir a pelexar coas demais administracións para que se leven a cabo investimentos en Vedra, como é o caso da Deputación, que vai aprobar nos vindeiros días unha partida de 429.000 euros para o aglomerado da estrada Vedra -Santa Lucía no tramo urbano de San Xián, ou coa Consellería para que continúe coas obras de saneamento en San Mamede -Santa Cruz, unha vez entregada a depuradora de Neira de Abaixo.

Remata a súa exposición sinalando que se trata duns orzamentos equilibrados, que seguen en boa dirección, e cos que se pretende alcanzar un superávit de 100.000 euros,



para enxugar o remanente líquido de tesourería negativo existente, solicitando o apoio dos demais grupos para a súa aprobación.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que son os quintos orzamentos que se presentan dende que é concelleira en Vedra, e que son sempre iguais, resaltando un par de cousas: en canto aos ingresos o Sr. Alcalde xa anunciou un incremento de 200.000 euros polas atrasos na regularización catastral, esperando que os veciños sexan informados deste tema, posto que para o vindeiro ano van soportar un incremento bastante considerable no pago dos seus impostos. Tamén sinala que existe un incremento importante nas achegas da Deputación de 150.000 euros para actividades e investimentos, que lle parece positivo, pero que en canto aos gastos baixan os investimentos en saneamento en 31.000 euros, cando no seu programa electoral fala de que é o principal obxectivo do goberno de Vedra, co cal non está de acordo ao tratarse dun servizo básico, que claro que costa moito chegar a todos os recunchos, pero non queren renunciar a el, e parécelle ademais que falta ao seu programa electoral. O mesmo pasa coas estradas, que tamén baixa o investimento en 130.000 euros, semellando que o Sr. Alcalde está moi orgulloso e fala moito do tema da débeda municipal, pero no seu programa electoral facía mención a unha serie de prioridades en determinadas áreas, como o arranxo das vías , a modificación do PXOM, dotar ás parroquias de máis colectores de vidro, plástico, cartón, rehabilitación da antiga nave da estación de ferrocarril de Santa Cruz , renovar os campos de fútbol de herba artificial,etc e descoñecen cando pensan poñerse co seu programa electoral.

Expón tamén que se trata duns orzamentos nada arriscados, nada expansivos, conformistas, prevén que unha lexislatura máis o único que lles preocupa é o superávit, e os orzamentos elabóranllos os técnicos municipais, cando o seu labor é gobernar, investir e buscar financiamento, co cal non poden apoialos, e o seu voto vai ser en contra; querendo resaltar que os orzamentos efectivamente reflicten un incremento dos gastos en dependencia, co que están de acordo, pero sen esquecer que é debido á decisión do Sr. Feijoo no mes de xullo de darlle resposta á xente que levaba esperando dende hai tempo, e que debía ser a Xunta de Galicia a que pagase este servizo, que tanto esforzo lle está a custar ao concello.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que con respecto aos ingresos, o primeiro que se pode comprobar é un incremento da presión fiscal dos impostos que son recadados polo concello, prevíndose no IBI, tanto de natureza urbana como rústica, un incremento do 44% con respecto ao 2015, que supón uns 220.000 euros máis que os veciños de Vedra van pagar no ano 2016, así como a maior achega da Deputación, onde xa non goberna o PP, nos últimos tres anos, que supón un incremento dun 30% con respecto á do 2015, e paradoxalmente, da Xunta de Galicia, gobernada polo PP, o concello recibirá para o ano 2016 a achega máis baixa nos últimos tres anos, que representa case un 3% menos con respecto ao 2014. É dicir, que os orzamentos para nada son iguais en canto á procedencia dos ingresos aos de exercicios pasados.

Con respecto ao gastos, di que coincide co Sr. Alcalde, en que son uns orzamentos de continuidade, e seguindo esa continuidade lévanos a afondar no grave problema socio-económico e demográfico que estamos a padecer en Vedra, e que probablemente nos leve a non nos salvar da baixada dos 5000 habitantes, aínda que a el semella que lle parece ben que sexan de continuidade.

De seguido pasa a analizar as partidas de gastos, sinalando que en urbanismo non está prevista partida algunha para a modificación do PXOM, polo que xa lle pode adiantar aos veciños/as de Vedra que para o vindeiro ano non vai existir un novo PXOM, e que



si aparece un abuso no uso das asistencias técnicas externas, que incrementan notablemente o gasto.

En canto ao saneamento, a pesar de ser un tema prioritario para o goberno, reduce o orzamento respecto ao ano anterior, pero o máis interesante do asunto, non é o que conta senón o que oculta, dado que aquí se vai cargar unha partida por indemnización á empresa Viaqua polo incumprimento do contrato por parte do concello durante os seus anos de mandato, e no abastecemento o mesmo, tamén se oculta unha parte do orzamento que vai ser destinado á mesma empresa polo incumprimento do contrato.

Polo que respecta ao programa de iluminación pública, di que o seu orzamento prevé un incremento de gastos da factura eléctrica con respecto ao ano anterior, é dicir, unha ganancia para as eléctricas, mentres tanto teñen rexeitado plans de aforro e de autosuficiencia enerxética que dende o BNG-AA teñen presentado.

No programa de acción social e dependencia, indica que a pesares do avellentamento da poboación de Vedra, non se prevé orzamento algún para as novas accións de servizo de atención xa prestadas e de calidade de vida, sendo a única acción que aparece un investimento para o arranxo dun edificio con cargo ao PAS 2015 da Deputación Provincial, e en canto ao programa de fomento do emprego é un exemplo máis da súa ignorancia cara á realidade socio-económica de Vedra, e que a ignore non significa que a descoñeza, porque parécelle que para el a falta de emprego non é un problema, e reducen nun 44% o orzamento con respecto ao 2014, e toda a súa acción queda reducida á contratación de persoal. Non existe o fomento do emprego, non existe fomento do autoemprego, nin o emprendemento.

No tema de educación, considérao indignante e vergoñento, posto que un concello onde só o IBI e o IVTM recadado supón máis de 1.200.000 euros, e o equipo de goberno non é quen de investir máis de 1.500 euros en becas, premios e subvencións, ou actividades, que supón o un por mil dos citados impostos, cando no boletín que o PP repartiu polas casas de Vedra nas derradeiras eleccións municipais figura que ía facer das axudas ao estudo dos mozos/as de Vedra a prioridade da súa nova lexislatura.

En canto ao programa de bibliotecas, di que é outro insulto á intelixencia, posto que o orzamento redúcese ao pago da electricidade e do persoal, que nin sequera está dedicado ao servizo a xornada completa nin a totalidade dos días laborais, e contempla unha partida para becas e subvencións, así como para investimentos de cero euros, e as partidas para a adquisición de fondos e o fomento da lectura nin tan sequera aparecen non orzamento, e con respecto ao programa de promoción da cultura, deberíanlle chamar promoción da construción, posto que máis da metade do orzamento vai destinado ao investimento en edificios, con cargo aos programas POS 2016 e PAS 2015 da Deputación Provincial, onde xa non goberna o PP.

Con respecto ao transporte público o BNG-AA entende que é imprescindible para que os estudantes de Vedra nin teñan que alugar unha vivenda en Compostela, que os adolescentes se poidan desprazar con seguridade sen ter a desgraza dun accidente, para que os traballadores de Vedra poidan traballar en Compostela sen ter que deixar parte do seu soldo en gastos de aparcadoiro e para que os pais e nais de Vedra non teñan que levar e ir buscar aos seus fillos/as a Compostela ou á Susana, e ademais é necesario para fixar poboación e traer nova xente para Vedra, que é a eiva que temos e que o actual quipo de goberno ignora, entendendo que o desinterese que amosa polo transporte público é indignante, posto que o orzamento que lle dedica é só un 2% do que recada polo imposto de IVTM.

Sobre da Administración Xeral, sinala que nun contexto no que o concello vai incrementar un 44% o IBI é inadmisíble un incremento do gasto da administración xeral



nun 15%, comezando por unha partida de 32.000 euros que pretenden destinar a un investimento nun local para os partidos políticos, é dicir a $\frac{1}{4}$ parte do incremento do IBI que pagarán os veciños e veciñas de Vedra, solicitando o BNG-AA que se revertan eses 32.000 euros en transporte público, biblioteca e educación.

A Presidencia aclara que nos 32.000 euros están incluídos os gastos do arquivo histórico de Vedra, solicitando o Sr. Castro do BNG-AA que a parte correspondente ao local para os grupos políticos se destine a transporte público, biblioteca e educación.

A continuación a Presidencia con respecto ao exposto polo PSdG-PSOE di que lle gustaría que os orzamentos fosen expansivos, pero á realidade é a que é e dende logo son uns orzamentos realistas.

En canto ao tema do IBI, do que falaram os dous grupos da oposición, di que a principios de ano vaise celebrar un pleno case monográfico sobre deste tema, onde se poderá debater todas as cuestións, porque é un tema moi dado á demagogia. Di que como todos saben trátase dun imposto municipal obrigatorio, que depende do Ministerio de Facenda, e a marxe que lle deixa aos concellos é mínima, só establecer o tipo de gravame a aplicar, ata un límite posto que a lei establece un mínimo, e as bonificacións tamén con límites, e que Vedra, ao igual que concellos do resto do Estado, viuse afectada por unha regularización catastral, que consiste basicamente en dar de alta todo aquilo que non figuraba de alta, e o incremento do que falan os voceiros da oposición, unha parte vai todos os anos, e outra parte correspóndese aos atrasos, que moitos veciños xa recibiron nos seus domicilios, pero efectivamente hai que seguir explicando posto que a Deputación permite fraccionamentos ou fraccionamentos que é onde ao mellor hai que incidir. En calquera caso -di- saben que non se trata de presión fiscal, que é das máis baixas dos concellos da comarca, o 0,44%, e incluso existen dúas mocións, unha do PP para rebaixar o tipo de gravame, e outra do BNG, para establecer bonificacións, pendentes de informes xurídicos para o seu debate no pleno.

Polo que respecta ao exposto pola voceira do PSdG-PSOE, sinala que está a comezar a lexislatura e teñen catro anos por adiante, e dende logo claro que o seu programa electoral vai ser a súa guía do que deben facer, pero os cartos son os que son, e en temas como saneamento, pistas e auga, o equipo de goberno intentará que veñan máis achegas das outras administracións, dado que como pasou no anterior orzamento, o investimento da ampliación de auga de San Fins tampouco estaba prevista e ao final levouse a cabo, estando convencido ademais de que cando se liquide o orzamento os cartos procedentes da Deputación superarán en 150.000 -200.000 euros o que estaba previsto, alegrándose de que desta administración, gobernada na actualidade polo PSdG-PSOE, continúen a mandar diñeiro para Vedra. O mesmo pasa coa Xunta de Galicia, que por exemplo o investimento de 600.000 euros que levou a cabo en Neira de Abaixo coa construción da depuradora tampouco figura nos nosos orzamentos.

No programa de pistas sinala que efectivamente é probable que se teña que incrementar un pouco a partida neste exercicio, calculando que poidan vir máis ingresos, posto que efectivamente hai pistas con moito tránsito que non están ben e hai que arranxar.

En relación ao exposto polo Sr. Castro do BNG-AA, di que o que lle queda claro é que non están de acordo con nada e que farían uns orzamentos totalmente diferentes, pero non é certo o que din sobre dos ingresos da Deputación, e dos da Xunta de Galicia espera que se equivoque no que di, e no capítulo de gastos, en saneamento e abastecemento, o mesmo que lle contestou ao PSdG-PSOE, é unha prioridade seguir



investindo nestes temas, esperando avanzar nos catro anos bastante máis do que eles pensan.

En canto ao exposto sobre do transporte público, di que vostede descoñece a realidade e as posibles solucións e o seu custe, e recoñecendo que efectivamente existe un problema, non ten medo a debater nun pleno este tema, aínda que sexa exclusivo, para poñer “branco sobre negro neste asunto”, posto que posiblemente todos pensen o mesmo pero o equipo de goberno está no lado da realidade, e a solución non é tan fácil, posto que existen moitos condicionantes que impide a solución, tanto legais como económicos. De feito a situación vén dada por un mal endémico de hai moitísimos anos, existindo na actualidade máis de 4.200 vehículos matriculados en Vedra, que indica que a xente se buscou a súa propia solución ao problema do transporte público.

No tema de emprego, di que non toda a promoción de emprego necesita de moitos recursos económicos, estanse a promover ILES, está previsto o viveiro de empresas, que foi tamén unha proposta do BNG, e un proxecto de promoción de emprendemento das mulleres rurais; e claro que se pode facer máis, pero non dicir que non se está a facer nada. En canto á cultura non poden dicir que este concello non apoia a cultura, e os edificios son importantes posto que ás veces os axentes culturais o que solicitan son infraestruturas, non só diñeiro.

Para rematar di que no que se refire ao incremento do gasto en electricidade, di que o concello cada vez ten que asumir máis instalacións, como é o caso da depuradora de San Mamede, aínda que recoñece que si é certo que é un tema co que se hai que meter a fondo con el e intentar baixar a factura enerxética do concello, solicitándolle aos demais grupos que de cara aos vindeiros orzamentos formulen propostas, xa que neste exercicio e ao estar a comezos da lexislatura non houbo tempo.

Dona Beatriz Amenal insiste en que votarán en contra ao tratarse duns orzamentos nada expansivos, de continuidade, pouco ambiciosos, posto que arriscan pouco.

O Sr. Pose do BNG-AA insiste no dos últimos cinco anos, que sete días non son suficientes para estudar a proposta do orzamento, que é o documento máis importante que se aproba anualmente no concello, e di que é obvio que eles farían un orzamento totalmente distinto, posto que os modelos de concello se constrúen ao logo de moito tempo, con moito traballo, a través precisamente dos orzamentos, e revisando os concellos que rodean a Santiago e cal é a súa vida e o que está a acontecer con eles, como Teo, Ames ou Brión, e o que nos acontece a nós, perdendo poboación. O que fixeron ao longo dos anos é aprobar orzamentos dotando de prioridade servizos para complementar os servizos que se dan en Compostela: transporte público, atención á infancia, biblioteca, ...e nestes orzamentos que se presentan hoxe increméntanse os gastos entre 2015-2016 en cemiterios, iluminación pública, acción social, administración xeral, grazas tamén ao Plan PAS da Deputación, e non obstante diminúen en Protección Civil, sen esquecer a nova publicada hai días da comarcalización do parque de bombeiros que están todos de acordo, menos Vedra, Boqueixón, e Touro, que representan os concellos que historicamente están na dinámica do PP.

A Presidencia contéstalle que nese tema está equivocado, e o Sr. Pose dille que independentemente de que teña ou non razón o importante é que o Alcalde de Vedra non está nas negociacións.

Sinala o Sr. Pose que nestes orzamentos tamén diminúen os gastos en urbanismo, na recollida de lixo, medio ambiente, fomento do emprego, centro de saúde, promoción do



deporte, transporte público e estradas, que se concentran fundamentalmente nos maiores, co que están de acordo, desequilibran o investimento parroquial, non localizan a poboación do concello porque se expulsa a concellos veciños, non incentivan o asentamento da poboación externa do concello, dinámica que ao final lle beneficia ao PP, indicándolle que se queren coñecer a proposta do BNG sobre o transporte público poden consultala no seu programa electoral.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Pose que o manifestado sobre a comarcalización do parque de bombeiros non é certo, xa que recentemente houbo unha xuntanza oficial á que asistiron representantes de Vedra, Teo e Santiago, e que lle preocupa e moito ese tema, e así llo expuxo recentemente ao Vicepresidente e Consellería de Presidencia, don Alfonso Rueda.

En canto ao tema de fixar poboación, di que non quere entrar hoxe neste debate, que existen dous problemas fundamentais: o primeiro deles, que se existen o dobre de defuncións que de nacementos a poboación ten que baixar, e así lle chegará a pasar a concellos como Teo e Ames, posto que nestes concellos houbo un “boom urbanístico” que non houbo nos demais concellos, e ademais ao estar a carón de Santiago, ao solicitar os colexios un mínimo dun ano de antigüidade de residencia para poder matricularse, moitas familias teñen que empadroarse alí, polo que neste tema, ao igual que no transporte público, existen moitos condicionantes, dado que non é o mesmo o transporte a un centro urbano do Milladoiro ou Bertamiráns como a un núcleo de Vedra. Dille tamén que hai que estudar que é o que importa para fixar poboación, posto que coñece veciños de Ames que están máis descontentos co tema de deportes que en Vedra, e en canto á acción cultural repite que dificilmente existe un concello que teña un apoio ás asociacións culturais, deportivas, ...etc como hai en Vedra, esforzo que viña de anos atrás; e por último e con respecto ao desequilibrio parroquial en investimentos, di que non ten problema en comprobar a localización dos investimentos e despois os veciños que valoren se existe ou non ese desequilibrio.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e seis en contra do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Contestación ás preguntas formulas en plenos anteriores

--As preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do proxecto da obra de ampliación da rede de saneamento en San Fins, que foi aprobado pola Xunta de Goberno o 28 de xullo de 2015, e é unha obra complementaria a do POS 2015, cuxa modificación do proxecto foi aprobado polo Pleno da Corporación no mes de xullo.

2º.- En canto á pregunta sobre as obras da Gándara, tamén formuladas polos dous membros do BNG-AA, di que esa zona é titularidade do Ministerio de Fomento, pero o certo é que a Fomento a imaxe desa zona non lle preocupa, pero para o equipo de goberno é unha das zonas que dan unha primeira imaxe do concello para as persoas que circulan pola N-525 procedentes de Santiago, polo que si é importante que estea medianamente acondicionada, sen necesidade de gastar moitos cartos, por iso se solicitou autorización para poder levar a cabo as obras, que concederon. As actuacións de acondicionamento non precisan de proxecto ao ser moi sinxelas, basicamente consistirán na limpeza, botarlle grava e cando se poida colocar uns enreixados co nome



do concello, pero certamente no afán de aforrar posto que había que pechar pola parte interior, pensouse en facer esa varanda con pedra da canteira, e quedou claro que foi un erro e unha mala idea. Perdéronse dous días de traballo dos traballadores da brigada de obra e o responsable neste caso, como sempre que llo pregunten, é o Alcalde.

3.- Respecto ás obra da estrada Vedra -Santa Lucía, cédelle a palabra ao Sr. Costa, que sinala que as obras foron adxudicadas pola Deputación Provincial a Ferrovial Agromar, e que se puxo en contacto co departamento de Vías e Obras e lle comunicaron que xurdiron problemas co cambio do tendido eléctrico e co da rede de telefonía de Movistar -Telefónica, feito que tamén lle transmitiron nas xuntanzas mantidas con representantes da empresa adxudicataria, e na última que mantivo cos enxeñeiros da obra lle comunicaron que o do tendido eléctrico estaba solucionado e o de telefonía en vías de solución, confiando en que se renoven o máis axiña posible as mesmas, cuxo prazo de execución é dun ano.

--Aos rogos do Sr. Lago do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da regularización catastral toma nota e neste tema sinala, ao igual que á pregunta formulada polo Sr. Castro do BNG, que nos vindeiros meses se vai celebrar un pleno monográfico para debater as dúas mocións sobre do IBI que están pendentes de informes xurídicos, unha do PP e outra do BNG, e nesa sesión responderá a todas as cuestións que se foron formulando nestes meses.

2º.- En canto á programación xeral do CPI que se falou no Consello Escolar, cédelle a palabra ao Sr. Costa, representante do concello no mesmo, quen sinala que o grupo de goberno comparte o interese tanto do centro coma o que el trasladou, e que dentro dos recursos dispoñibles do concello acometerán as actuacións que lle sexan propias, como veñen facendo nese e no resto de centros educativos municipais, e que xestionarán ante as administracións competentes aquelas outras actuacións que non son propias ou que pola súa contía son dificilmente asumibles polo concello.

3º.- Polo que respecta á carta que recibiron moitos socios para a celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria na Casa da Terceira Idade, toma nota do rogo e di que si realmente foi así, que non o dubida, tomaranse as medidas para que non volva acontecer, agradecéndolle que dixese que non se fixo con mala intención.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG-AA, di:

1º.- Á pregunta sobre do tema da ocupación que fixo un veciño dunha praza pública en Ponte Ulla, di que está pendente de informe de patrimonio.

2º.- Sobre do contrato co Sr. Roibás, di que o último contrato asinado con el ten data de abril de 2015.

3º.- En canto ao problema co servizo de telefonía agradécelle e tómalle a súa palabra para apoiar e axudar a resolvelo, e por último, sobre da declaración de intencións aprobada polo pleno para apoiar aos refuxiados, contéstalle que se incluírá na orde do día do pleno de xaneiro para incluír o texto de Amnistía Internacional.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º- Sobre da contratación de persoal para desenvolver funcións na *Casa das Artes de Vedra - Chousa do Cotiño*, dille que non se formulou posto que xa a normativa estatal impide a contratación de persoal.



2º.- En relación ao litixio coa empresa Viaqua , contéstalle que por un lado está o preito e por outro o procedemento de adxudicación do contrato de saneamento, que é diferente, e para nada se mesturan, e neste aspecto non se está a facer ningún traxe á medida, de feito aprobáronse unhas bases e no momento da licitación unha empresa competidora de Viaqua alegou por cuestións técnicas, que por certo foron tidas en conta, e proximamente volverase sacar o concurso estando absolutamente convencido de que todas as empresas que queren acceder a xestionar o servizo as miraran con lupa. E en canto a se incumpriu o contrato coa citada empresa ou non, di que por prudencia contestará cando remate o preito.

3º.- Respecto á pregunta sobre da emisión de documentos en castelán por parte do departamento de urbanismo , di que o castelán tamén é un idioma oficial, ademais do galego, e que a inmensa maioría de documentos que se emiten no concello fanse en galego, e que persoalmente non ve ningún problema se algún proxecto foi en castelán.

4º.- Para rematar sinala que, en principio, o plan de drogas que se vai poñer en marcha financiarase con recursos propios.

Intervén o Sr. Lago e di que no último pleno entendeu ao Sr. Alcalde que no debate dos orzamentos ía responderlle aos datos facilitados por el sobre do gasto social que figuran na páxina do Ministerio de Facenda, contestándolle a Presidencia que non o lembrou, e que o fará no vindeiro pleno.

De seguido a Presidencia sinala que con motivo da presentación da súa renuncia ao cargo de concelleiro do Sr. Cobas, os voceiros decidiron retirar da orde do día o punto de rogos e preguntas e deixalo pendente para o vindeiro pleno, e pechar o pleno con ese punto.

5º.- Acordo, se procede, sobre toma de coñecemento da renuncia de don Odón C. Cobas García ao seu cargo de concelleiro.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta do escrito núm. 1574/15 no que don Odón C. Cobas García presenta a súa renuncia voluntaria ao cargo de concelleiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que ocupa dende que tomou posesión o pasado trece de xuño, despois de celebradas as eleccións municipais o día vinte e catro de maio.

Dáse conta, así mesmo, do escrito no que don Fernando Negro Pallares presenta tamén a súa renuncia a ocupar o posto de concelleiro desta corporación.

En función do establecido ao efecto no artigo 9.4 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro de don Odón C. Cobas García.

Segundo.- Comunicarlle este acordo á Xunta Electoral Central para que remita a credencial de don Eugenio Barreiro Gómez, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo.



De seguido a Presidencia di que o feito de que o Sr. Cobas presente a súa renuncia neste acto é o suficientemente importante para facer un pleno diferente, de feito que os seus compañeiros de formación estean presentes así o indica, e despois de telo falado coa voceira do Grupo PSdG- PSOE, intervirán os compañeiros que queiran, a voceira do grupo e pechará o acto o Alcalde.

Intervén de seguido o Sr. Cobas para primeiramente agradecerlle aos voceiros dos distintos grupos a deferencia que tiveron para retirar o punto de rogos e preguntas e darlle esa importancia a súa retirada da vida política.

De seguido di que se trata dunha retirada anunciada, dende hai anos, pero as circunstancias viñeron dadas dun xeito e houbo que ir aguantando o temón, pero volveu manifestarlle aos seus compañeiros/as de partido que quería retirarse, como tamén así llo comunicou ao Sr. Alcalde, que no pleno no que se debatesen os orzamentos, ou no seguinte como moito, quería presentar a súa renuncia ao cargo de concelleiro.

Tendo en conta á súa experiencia como concelleiro e Alcalde de Vedra, di que vinte anos despois, volvería dedicarse á política, que se sente orgulloso de estar na política municipal, porque tivo a oportunidade de coñecer a todos os veciños e veciñas, de coñecer incluso os seus problemas e intentar solucionarllos; que grazas á política ten unha vivencia tremenda que o fortaleceu como persoa, recoñecendo que outros concellos podían tomar exemplo de Vedra, posto que cando se remata o pleno seguen mantendo unha relación de amizade todos.

Sinala que durante a súa etapa tivo que negociar con distintas formacións políticas, PP, AVIVE, BNG, TEGA, e se conseguiron temas importantes, en orzamentos, plans de obras e servizos, ..etc, e vendo o panorama político español terían que aprender do diálogo que existe nos concellos pequenos, e saber gañar e perder, que cando estivo de Alcalde o goberno da Xunta de Galicia era do PP e chegou a manter unha relación moi boa con moitas persoas dese partido.

Di que traballou o mellor que puido, con épocas boas e non tan boas, marchándose feliz e contento por ter uns compañeiros bos nos distintos partidos políticos, sen ter nunca un problema con ninguén. Ten un recordo para os que xa non están entre nós, ao seu grupo político, o PSdG-PSOE, polo seu apoio constante e por vinte anos maravillosos, sen esquecerse dos traballadores do concello, tanto funcionarios como laborais, que tanto lle axudaron durante a súa etapa como Alcalde, e á prensa porque sempre foron coas súas novas puntuais e veraces, e sobre todo, coa súa presenza.

Remata agradecéndolle mil veces a Vedra quedando á súa disposición para o que necesiten.

Don Rogelio Lema no nome do PP de Vedra quere agradecerlle os anos de traballo que dedicou a este concello, aí están todas as actuacións que se fixeron no seu día, e por encima da rivalidade política , ao final como ben dixo, son un grupo de amigos, desexándolle sorte na súa nova vida.

O Sr. Pose do BNG-AA di que cando chegou a Vedra, o Sr. Cobas era o seu Alcalde, traballando ademais a nivel particular e profesional con el en diversas ocasións, e despois de pasar nesta sala moito tempo xuntos queda o recordo de moitas anécdotas, úneos o feito de ter sido concelleiros, e que efectivamente hai que deixar paso a outros, pero coa súa marcha pérdese unha bagaxe importante, como sucedeu cando se retirou o Sr. Rivelino.



Despois da intervención do público, faino a voceira do Grupo Socialista, Dona Beatriz Amenal, en nome da agrupación dálle as grazas pola súa dedicación durante tantos anos, indicando que durante o seu mandato como Alcalde Vedra, viviu unha transformación, dándolle tamén as grazas por darlle a oportunidade a ela de entrar a formar parte da súa formación política. Di que para o grupo é un momento delicado, que as despedidas sempre o son, existe unha certa nostalxia, pero respectan a súa idea de retirarse e son coñecedores de que estará á súa disposición sempre que o necesiten, e que eles esperan estar á altura das circunstancias, intentarán recuperar o goberno e a Alcaldía, recordándolle que cando foi Alcalde para ela, que estaba fóra de Vedra, como tamén lle dixeran algúns na Arxentina, era un orgullo ten un Alcalde Socialista en Vedra, que se marcha deixando unha pegada moi grande no concello e entre os veciños e veciñas por todo o que se fixo en Vedra durante o seu mandato como Alcalde.

Intervén por último a Presidencia – Carlos Martínez Carrillo sinalando que a pesares de que os demais compañeiros falan dunha perda, el non o entende así, máxime coñecendo a persoa de Odón, e que como ben dixo el, Vedra distínguese dos demais concellos de Galicia pola relación persoal que manteñen os membros da corporación, e iso é importante posto que está convencido de que nel vai ter un amigo máis, e que vai poder contar con el para pedirlle consello en calquera tema importante.

Expón que por encima das diferenzas e rivalidades políticas, considera que aquela persoa que dedica parte do seu tempo, ou todo, a mellorar as condicións dos veciños e veciñas, da súa comunidade, do seu entorno, sacrificando moitas cousas, como moitos dos presentes, coa súa forma de ser, porque todos son diferentes entre si, merecen todo o seu respecto e todo o seu agradecemento, e se por encima tivo a fortuna e honra de ser Alcalde durante catorce anos, ese respecto e agradecemento ten que ser en palabras maiúsculas, posto que unha persoa non é Alcalde durante catorce anos por casualidade.

Di tamén que está de acordo en que marcou unha etapa en Vedra, e que os veciños e veciñas seguirán recordando a súa etapa como Alcalde, sendo obvio que nesa etapa existen máis acertos que erros, e aínda que soe a tópico nestes momentos, só poden pensar nas boas, e non só nas obras, senón en todas as actividades e servizos que se seguen a prestar hoxe en día, que son moi importantes para todos os veciños e que comezaron nesa etapa, de moita ilusión e bonita, e hoxe en día continúan, do que Odón ten que sentirse moi orgulloso; e se coa súa despedida péchase un ciclo político de máis de 20 anos e hoxe están nun acto meramente administrativo, avanza que isto non é máis que a apertura dunha porta para unha posterior e merecida homenaxe da cal se falará. Para rematar dille que como Alcalde que foi del durante catorce anos, o seu agradecemento persoal como político rival e sobre todo como veciño de Vedra.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e quince minutos.